

QUE É?

A iniciativa *As municipais entenden* é un proxecto da RBMC que persegue visibilizar e normalizar as diversidades sexuais e de xénero en toda a oferta da Rede (fondos, actividades e servizos).

COMO NACE?

Nace no ano 2012, a raíz dunha formación interna realizada no ano 2009 cunha asociación LGTB da cidade, que tivo por obxectivo achegar as diversidades sexuais e de xénero ao cadro de persoal para que isto se traducise nun mellor servizo á comunidade e á cidadanía en xeral.

Desa formación sacáronse 5 conclusións sobre as que se considerou que era urxente e imprescindible traballar para mellorar o servizo bibliotecario e que guiaron o traballo ata o día de hoxe:

1. materiais LGTB abundantes pero dispersos,
2. necesidade de elaborar guías LGTB específicas,
3. recuperación web no catálogo en liña,
4. transversalizar a cultura LGTB,
5. falta de apoio das Administracións.

EIXOS DE TRABAJO

As 5 conclusións da formación impartida no ano 2009 guiaron os traballos realizados todos estes anos e hoxe pode dicirse que se “superaron” a meirande parte das carencias detectadas.

1. Materiais LGTB abundantes pero dispersos.

O sistema de adquisicións das bibliotecas é estable e garante a incorporación permanente de novos materiais. A selección realizada polo persoal bibliotecario contempla sempre nas compras ordinarias os materiais LGTB.

A disposición dos novos materiais nas salas, non obstante, non identificaba de maneira unívoca cando un material reflectía esta realidade e facía que se perdese no resto da colección. Por esta razón, creouse unha sección específica onde se agrupan materiais que dun xeito ou doutro falan de realidades diversas (Biblioteca Ágora, centro de interese Xénero e feminismos).

2. Necesidade de elaborar guías específicas.

Parte do traballo ordinario das bibliotecas é a realización de bibliografías selectivas sobre temas concretos ou dirixidos a un público determinado. Ata a data, non se realizara ningunha sobre cultura LGTB e cumpría convertelo nunha dinámica habitual con dúas vertentes: guías selectivas sobre novidades LGTB e seccións específicas nas guías xerais, como por exemplo a de Nadal.

A primeira das guías específicas publicouse no ano 2014 e na actualidade xa hai 5 publicadas. É habitual tamén incluír unha sección LGTB noutras bibliografías distintas.

3. Recuperación web no catálogo en liña.

Constatouse que non era doado localizar en liña estes materiais. Cumpría adaptar o tratamento técnico ao que se someten todos os materiais para asignar materias específicas para as realidades LGTB e que permitirán despois unha recuperación axeitada no catálogo.

Fíxose unha revisión retrospectiva do catálogo e agora poden recuperarse todos os materiais buscando co termo LGTB ou especificamente por categorías como trans, lesbianas ou bisexuais. Hai tamén unha sección web onde se explica como localizar todos os materiais.

4. Transversalizar a cultura LGTB.

Non só había que celebrar o Orgullo en xuño, había que modificar a maneira en que se programaban, en xeral, todas as actividades. O LGTB debía estar presente en calquera tipo de actividade e tamén nos servizos.

Incluíronse contidos relacionados en programas familiares como Merendas con contos ou CantoConto, dirixidos a público familiar con crianzas dos 2 aos 7 anos, ou nas lecturas dos clubs de lectura xeneralistas.

Facilitouse o trámite para o cambio de nome e nos formularios incluíuse a casaña "Non binarix".

5. Escasa colaboración de Administracións.

As bibliotecas catalás xa contaban no 2009 con diversas guías selectivas publicadas polas administracións provincial e autonómica.

En Galicia, a pesar de terse aprobado no ano 2014 a lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia, que no seu artigo 27 prescribe as coleccións LGTB, é hoxe o día en que a Biblioteca de Galicia non facilita guías nin dispón na web ou catálogo de información sobre esta colección.

Isto significa que o profesorado, persoal bibliotecario, etc. das cidades e vilas galegas non contan co apoio que deberan para formar ou acceder a coleccións diversas. Nós propuxémonos editar e publicar as guías selectivas que, ademais de servir para o público, puideran servir tamén para calquera profesional interesado en achegarse a estas realidade: profesorado ou tamén persoal bibliotecario de outras localidades.

No ano 2016, froito dunha proposta cidadá para crear o que sería o primeiro club de lectura LGTB de Galicia, logrouse a colaboración da Concellaría de Igualdade

e Diversidade, que apostou pola súa posta en marcha e inxectou o diñeiro necesario para a adquisición de fondos LGTB (20 exemplares por título), que eran moi insuficientes a nivel galego.

Non é doado establecer colaboracións con outras administracións pero non por iso deixou de intentarse, tanto con Administracións públicas coma outras entidades.


SITUACIÓN ACTUAL

Tomando como punto de partida as 5 conclusións daquela formación interna orixinal, analizamos agora a situación actual do LGTB na Rede.

1. Materiais abundantes pero dispersos.


Os materiais, se xa se consideraban abundantes no 2009, agora sono moito máis. Non só se trata de adquirir novos materiais que nutran o catálogo, senon de localizar documentos existentes que reflectan o universo LGTB e darlles o tratamento necesario para extraer as súas materias.

No seguinte gráfico pode observarse esta evolución, que acadou o crecemento máis acusado durante o confinamento, período no que realizou unha análise retrospectiva de revisión de etiquetas asignadas aos materiais.



Hoxe, en xuño de 2023, son case 1800 documentos baixo a etiqueta LGTB.

Realizando unha comparativa con outras redes de bibliotecas do estado, a situación do LGTB das Bibliotecas Municipais da Coruña goza de boa saúde:



Isto non significa que haxa máis materiais LGTB, senon que hai máis materiais con materias LGTB asignadas.

No concernente a dispersos, podemos considerar escasa a súa corrección, xa que Ágora segue a ser a única biblioteca que conta cunha sección específica para o LGTB, dentro dun centro de interese de ámbito maior, e que non reflicte a dimensión do traballo realizado.

2. Necesidade de elaborar guías específicas.

Na actualidade hai 5 guías publicadas: 2014, 2017, 2021, 2022 e a máis recente do 2023.

Ademais das guías LGTB, desde a Rede abríronse canles de difusión selectiva dos fondos LGTB coma o IG, blog e o Twitter do club QUEERuña.

<https://clubdelecturaqueerunha.wordpress.com/>

<https://www.instagram.com/queerunha/>


<https://twitter.com/queerunha>

Unha tipoloxía de publicacións é a do “Grindr bibliotecario”, que emula a famosa aplicación de citas que ordena os perfís por proximidade xeográfica ao dispositivo desde o que se accede á APP. No caso do Grindr bibliotecario emúlanse estes perfís próximos con libros similares á lectura mensual do club de lectura.

3. Recuperación web no catálogo en liña.

En paralelo ao punto 1, de materiais abundantes pero dispersos, corre este punto 3. Froito da revisión do proceso técnico que se aplicou aos materiais, púidose

xerar unha bibliografía dinámica no catálogo e que se estrutura en ítems: bisexuais, gais, lesbianas, trans, ver todo.



Adicionalmente a isto, dispoñemos dunha automatización en Microstrategy (ferramenta de explotación de datos sobre a colección e os seus usos) que nos indica calquera material que entre no catálogo coas materias homosexualidade, lesbianismo, transexualidade, etc. e que non levan a etiqueta LGTB. Isto permítenos sistematizar a corrección de erros para esta sección da colección.

4. Transversalizar a cultura LGTB.

Logrouse, con facilidade, a introdución de sesións específicas en programas familiares ou de lecturas LGTB nos clubs xeneralistas. Libros viventes conta de maneira periódica con persoas LGTB que comparten as súas historias de vida co alumnado da zona de influencia da biblioteca Ágora.

Tamén se facilitou o trámite de cambio de nome e incluíuse en cada formulario a opción de “Non binarix”, aspectos moi importantes para unha parte do colectivo LGTB.

O máis destacado, quizás, sexan os dous grupos de lectura QUEERuña que teñen lugar de maneira estable na RBMC.

5. Falta de apoio das Administracións.

A administración autonómica segue sen cumprir o mandato da citada lei do 2014. Non obstante, esta e outras administracións contactáronnos para establecer colaboracións. Tamén as asociacións e o movemento LGTB da cidade.

a) Consello da Cultura Galega. (2022)

Recíbese no ano 2022 un convite para participar no I Foro de identidade e disidencias sexuais, que persegue a actualización da información sobre as necesidades das persoas LGTBI en Galicia. Organízanse en 5 pilares: participación pública; seguridade, educación e sanidade; asuntos laborais, territorio, servizos sociais e idadeismo; pensamento, cultura, memoria viva e diversidade sexual; violencia. Froito desta colaboración elabórase o informe Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galicia.

Enlace ao informe: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4477>

b) Xunta de Galicia. (2022)

Eva Mejuto coordina o pódcast *Entreliñas* para a Xunta de Galicia e contacta coa RBMC para a edición “Lecturas orgullosas” onde entrevista para coñecer máis de preto o club de lectura QUEERuña.

Enlace ao podcast:

https://www.ivoox.com/podcast-entrelinas_sq_f11598204_1.html

c) Universidade da Coruña. (2021)

O Centro de estudos de xénero da UDC toma a iniciativa *As municipais entenden* da RBMC como punto de partida para un novo proxecto, denominado Bibliodiversidade, para explorar as posibilidades da literatura infantil e xuvenil como recurso para educar na diversidade afectivo sexual.

O resultado deste proxecto, que reuniu a bibliotecarixs, docentes e activistas en diversas mesas de traballo, foi unha guía de boas prácticas que pode consultarse no repositorio da UDC.

Enlace á guía: <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/30404>

d) Asociacións e movemento LGTB da cidade da Coruña. (desde 2018)

O tecido asociativo da cidade é, sen dúbida, o máis proactivo para o establecemento de colaboracións e, moitas delas, de carácter estable.

I. ALAS A Coruña

Ademais de facer o donativo da súa biblioteca no ano 2018, esta asociación conta coas bibliotecas para moitas das súas accións. Entre elas, as de maior envergadura foron as Xornadas dinamazALAS e o XXXII Encuentros estatales de asociacións LGTBI, nas que nos convidaron a presentar a iniciativa e os seus resultados.

<https://alacoruna.org/encuentros-estatales-lgtbi-coruna/>

II. Les Coruña

Esta asociaciónlésbica da cidade bota tamén man da RBMC para moitas das súas accións, coma o *Congreso das diversidades na literatura* ou distintos actos que realizan en datas concretas de efemérides do colectivo. Esta asociación foi a que propuxo a posta en marcha do segundo grupo de lectura QUEERuña, e colaborou no seu primeiro ano de andaina.

III. Corufest

Corufest é o festival de artes escénicas que se celebra na Coruña nos meses de maio. Desde case as primeiras edicións contan coa Rede para programar actividades e nas edicións 2022 e 2023 realizaron donativos de 40 exemplares para os clubs de lectura. Trouxeron a escritorxs como Roy Galán, Valeria Vegas ou Bob Pop.

IV. Atlantic Pride

O Atlantic Pride autodefínese como o “orgullo do norte” e ten lugar nos meses de xullo na cidade da Coruña. Desde o ano 2022 establecen colaboración coas bibliotecas para a elaboración das bases e composición íntegra do xurado dos certames literarios que realizan.


<https://atlanticpride.es/certame/>

PERSPECTIVAS DE FUTURO


As perspectivas ou retos de futuro para *As municipais entenden* requiren unha actualización daquelas 5 conclusións detectadas no ano 2009 e abordadas a partir do 2012. Considéranse aspectos, superados uns e aínda pendentes outros, que non responden na súa totalidade ás necesidades actuais nin da RBMC nin do colectivo LGTB. Pasaron 11 anos desde os inicios da iniciativa e hoxe é hora de actualizar as súas liñas de traballo. Aquí unha proposta.

1. Diversificar as diversidades.

A colección LGTB na Rede está ben distribuída entre as sucursais de proximidade.



Pode observarse, non obstante, que hai un evidente predominio de publicacións de ou sobre homes cis homosexuais e existen realidades que están moi pouco representadas: mulleres, bisexuais, persoas trans, non binarias e intersexuais.



Debera facerse un seguimento máis exhaustivo do mercado editorial para tentar compensar esta cuestión.

Adicionalmente a isto, os instrumentos de traballo para o tratamento técnico que se aplica aos materiais son mellorables. Faise preciso elaborar un tesouro sinxelo e específico de aplicación para o LGTB e que dea máis información do contido e tamén das personaxes. O persoal catalogador debe contar con instrumentos de traballo que faciliten a asignación de materias e que, ao tempo, dean entrada a todas as realidades.

Sería de interese tamén contar con seccións específicas e diferenciadas en, polo menos, dúas bibliotecas.

Seguimento mercado editorial.

Tesouro.

2 centros de interese.

2. Diversificar a oferta de actividades

O club QUEERuña considérase un auténtico éxito de participación cidadá e farase unha análise en concreto sobre esta iniciativa porque hai indicios de que atrae a un perfil de público moi diferente do habitual nos clubs de lectura.

É de interese ampliar a oferta e ofrecer máis tipoloxías de actividades e dirixidas a máis públicos.

Ampliar oferta actividades LGTB

3. Consolidar a cultura LGTB na Rede.

Da mesma maneira que se fai un seguimento do desempeño da colección e das actividades, debera facerse do LGTB. Cumpriría contar con cadros de mando específicos para este apartado da colección e das actividades, e incluír os seus resultados nas avaliacións globais da Rede.

Na organización debería existir un equipo de traballo que dea continuidade e estabilidade aos traballos arredor desta iniciativa. O tecido asociativo da cidade, centros escolares e librarías deberan ser convidados a participar no equipo de traballo referido.

A poboación do municipio da Coruña en 2022 é de 245.984 habitantes. Por tanto, pode extrapolarse que a Rede está dando servizo a 29.518 persoas do colectivo LGTB (na enquisa elaborada por Ipsos durante o 2022, un 12% da poboación considérase non heterosexual). Isto quere dicir que a Rede dispón de 0.06 documentos por persoa LGTB. Sería conveniente establecer criterios relativos ao LGTB para a política da colección, coma por exemplo aumentar a entre 0.3 e 0.5 a proporción anterior.

Cadro de mando.

Política da colección.

Equipo de traballo con colectivos

Estas son propostas xa detectadas mais a iniciativa ábrese á consulta á cidadanía mediante un formulario no que poida aportar suxestións, dispoñible en liña

<https://forms.gle/Le1LX3agv83eub4U7>